# Cointega e INEO alíanse para mellorar a competitividade do téxtil galego

A Confederación de Industrias Téxtiles, COINTEGA, e INEO puxeron en marcha un proxecto de cooperación, co apoio financeiro do IGAPE, que fomentará o uso do TIC nas empresas téxtiles galegas a través de varios programas. Ademais COINTEGA porá en marcha un plan formativo específico para os directivos/as e persoal do téxtil. A iniciativa posta en marcha conta co apoio financeiro do IGAPE a través do programa "Proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación". Os directivos/as das empresas do sector téxtil e do sector TIC coincidiron en destacar o cambio que se está producindo na nosa sociedade, cunha porcentaxe cada vez maior de cidadáns/as que mostra unha clara predisposición a comprar por Internet. Así mesmo, as propias empresas do sector téxtil, mesmo as de menor dimensión, empezan a valorar adecuadamente as oportunidades que ofrecen o TIC, non soamente para a venda a través de Internet, senón tamén para mellorar a eficiencia na xestión e a interrelación con outros axentes da cadea de valor do sector.

Como resultado desta primeira reunión identificáronse unha serie de proxectos naquelas áreas consideradas por ambos os sectores como prioritarias:

- **Proxecto 1**: Mellora no intercambio de datos entre o fabricante e a tenda multimarca.

- **Proxecto 2:** Venda directa a través de tendas virtuais

- **Proxecto 3**: Implantación dun Cadro de Mando Integral nas empresas do sector

- **Proxecto 4**: Incorporación de novas tecnoloxías no punto de venda

- **Proxecto 5**: Posta en marcha dunha intranet para a rede comercial